



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica, en exercicio das súas funcións conforme ao recollido na *orde do 9 de abril de 2010 establece a composición, organización e funcionamento da comisión autónoma central de farmacia e terapéutica (CACFT)*, ante a comercialización e financiación dos medicamentos MAVIRET (glecaprevir + pibrentasvir) y VOSEVI (sofosbuvir + velpatasvir + voxilaprevir) e á ampliación das indicacións financiadas do medicamento EPCLUSA (sofosbuvir y velpatasvir), incluídos dentro do *“Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”*, vixente desde o pasado 1 de abril de 2015, e respondendo a petición da Comisión Técnica-Asesora para a implantación do Plan Estratégico da Hepatite C creada de conformidade co artigo 9 da citada orde do 9 de abril de 2010 e baixo o seu asesoramento, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

- **MAVIRET (glecaprevir + pibrentasvir)** conforme ás súas condicións vixentes de financiación e no marco do *“Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”*, aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud,
- **VOSEVI (sofosbuvir + velpatasvir + voxilaprevir)** conforme ás súas condicións vixentes de financiación e no marco do *“Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”*, aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud, destacando neste caso que está financiado exclusivamente como rescate no caso de pacientes que faiaron ao tratamento con Antivirais de Acción directa (AADs)

2. Actualizar os criterios de uso do medicamentos **EPCLUSA (sofosbuvir y velpatasvir)**, ampliando o seu uso a pacientes con calquera dos xenotipos do Virus da hepatitis C e eliminando polo tanto, a restrición de uso a pacientes con xenotipo 2 e xenotipo 3, no marco do *“Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”*, aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud.

Os criterios de uso destes medicamentos actualizaranse conforme o lugar na terapéutica que contemple os Informe de Posicionamiento Terapéutico que publique a Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios e as posibles actualizacións da liña estratéxica 2 do citado plan nacional.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

O presidente da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica



Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde